



**OS CONCELLOS DO VAL MIÑOR ÚNENSE PARA POÑER EN MARCHA
VALMIEMPREGA, UN NOVO PROXECTO PARA FAVORECER A
INSERCIÓN LABORAL DOS MÁIS NOVOS**

**Nigrán, Gondomar e Baiona firman un convenio para o desenvolvemento
de tres cursos que formarán a 45 mozos desempregados da comarca**

**Os obradoiros contan cun orzamento de máis de 370.000 euros e estarán
relacionados co sector turístico e as novas tecnoloxías**

Nigrán, 23/03/2016.- A agrupación de concellos do Val Miñor, integrada polos municipios de Nigrán, Gondomar e Baiona, vén de firmar un convenio de colaboración para a posta en marcha de Valmiemprega-Xove, un novo proxecto de inserción profesional, enmarcado no programa europeo de Garantía Xuvenil, para promover e desenvolver políticas activas de emprego que permitan a incorporación ao mundo laboral de 45 mozas e mozos desempregados da comarca.

Así o anunciou esta mañá o presidente da Mancomunidade de Concellos do Val Miñor (MCVM) e alcalde de Nigrán, Juan González, na clausura do obradoiro de emprego Terras do Miñor IV, no que participaron 23 alumnos-traballadores que se formaron nas especialidades de Operación Básica de Cociña e de Servizo de Restaurante.

Ao acto, celebrado no Auditorio Municipal de Nigrán, asistiron os rexedores de Gondomar e Baiona, Paco Ferreira e Ángel Rodal, así como do delegado territorial da Xunta en Vigo, Ignacio López-Chaves, e o xefe territorial da Consellería de emprego en Pontevedra, Ignacio Rial.

O alcalde de Nigrán salientou o éxito da cuarta edición de Terras do Miñor, xa que "algunhas das persoas que concluíron o obradoiro xa están a traballar no sector hostaleiro" e aproveitou para comunicar a solicitude dun



novo proxecto laboral, Valmiemprega-Xove, que conta cun orzamento de máis de 370.000 euros (370.839,39 euros) dos que as tres localidades aportan 10.578 euros en total. "Os concellos do Val Miñor volvemos a colaborar xuntos nunha proposta formativa co obxectivo de facilitar o acceso da xente máis nova da comarca ao mercado de traballo", comentou González, quen subraiou a importancia da temática dos obradoiros para a súa posterior inserción laboral.

Nesta nova iniciativa, dirixida a rapaces desempregados de entre 16 e 30 anos, vólvese a apostar pola impartición de cursos relacionados cunha das principais actividades da zona, como é o turismo, e coas novas tecnoloxías aplicadas á potenciación deste sector. Deste xeito, ofertaranse as especialidades de "Promoción turística local e información ao visitante", "Desenvolvemento de aplicacións con tecnoloxías web" e "Deseño de produtos gráficos". En cada curso haberá 15 alumnos-traballadores que, durante seis meses, terán que realizar 1.680 horas teóricas e 1.200 horas prácticas para recibir o seu diploma.

Nova edición de "Terras do Miñor"

O alcalde de Nigrán sinalou, ademais, que xa está en marcha a petición á Xunta de Galicia da quinta convocatoria de Terras do Miñor, da que se poderán beneficiar outras 45 persoas desempregadas da comarca e á que nesta convocatoria se suma o obradoiro de "Limpeza de superficies e mobiliarios en edificios e locais".